

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

15683 *Circular 3/2019, do 22 de outubro, do Banco de España, pola que se exerce a facultade conferida polo Regulamento (UE) 575/2013 de definir o limiar de significatividade das obrigacións crediticias vencidas.*

O título II da parte terceira do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012 [en diante, o «Regulamento (UE) n.º 575/2013»], regula os requirimentos de fondos propios por risco de crédito que deben cumprir as entidades de crédito.

O cálculo deses requirimentos exige que as entidades determinen o importe das exposicións ponderadas por risco, ben mediante a aplicación do método estándar ou ben, se así o permiten as autoridades competentes, mediante o método baseado en cualificacións internas. Entre esas exposicións encóntranse, en concreto, as exposicións en situación de impagamento.

O artigo 178, número 1, do Regulamento (UE) n.º 575/2013 concreta as circunstancias conforme as cales se considera que se produce unha situación de impagamento do debedor en relación coas súas obrigacións crediticias fronte á entidade, a empresa matriz ou calquera das súas filiais, a saber: i) a existencia de dúbidas razoables sobre o pagamento da totalidade das súas obrigacións crediticias, sen que a entidade recorra a accións tales como a execución de garantías, ou ii) que o debedor manteña importes vencidos durante máis de 90 días con respecto a calquera obrigación crediticia significativa [*material* na versión en inglés do Regulamento (UE) n.º 575/2013].

Engade o artigo 178, número 1, que, no caso das exposicións retallistas, as entidades poderán aplicar a definición de impagamento antes sinalada ao nivel dunha operación individual [*individual credit facility* na versión en inglés do Regulamento (UE) n.º 575/2013], en lugar de facelo en relación coas obrigacións totais dun prestameiro.

O mesmo artigo 178, no seu número 2, letra d), faculta as autoridades competentes para definir un importe mínimo con que avaliar a significatividade dunha obrigación crediticia vencida. Ao establecer este limiar, as autoridades competentes deberán cumprir as condicións que a Comisión Europea especificou no Regulamento delegado (UE) n.º 2018/171, do 19 de outubro de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 575/2013 no que se refire ás normas técnicas de regulación relativas ao limiar de significatividade das obrigacións crediticias vencidas.

O Banco Central Europeo adoptou, o 21 de novembro de 2018, o Regulamento (UE) n.º 2018/1845, sobre o exercicio da facultade prevista no artigo 178, número 2, letra d), do Regulamento (UE) n.º 575/2013 de definir o limiar de significatividade das obrigacións vencidas. As previsións deste regulamento resultan de aplicación exclusivamente ás entidades significativas, baixo a supervisión directa do Banco Central Europeo. Isto resulta das atribucións que lle confire o Regulamento (UE) n.º 1024/2013, do 15 de outubro de 2013, que encomenda ao Banco Central Europeo tarefas específicas respecto de políticas relacionadas coa supervisión prudencial das entidades de crédito [en diante, o «Regulamento (UE) n.º 1024/2013»].

Non existen, porén, até a data actual, previsións relativas á definición do limiar de significatividade aplicables ás entidades de crédito españolas menos significativas, baixo a supervisión directa do Banco de España. O marco xurídico antes descrito encóntrase, por tanto, incompleto, e procede, por isto, que o Banco de España adopte unha circular para o efecto.

De acordo co exposto, esta circular cumpre cos principios de necesidade e eficacia exixidos polo artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Atende tamén aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia establecidos na citada lei, posto que, sen impor

obrigacións adicionais, a circular ten o contido imprescindible para dar cumprimento á finalidade que se identifica e pretende garantir unha aplicación homoxénea dos requisitos prudenciais referidos ao cálculo do risco de crédito das entidades de crédito menos significativas, mellorando, ao mesmo tempo, a comparabilidade dos requirimentos de fondos propios.

De forma adicional, e co fin de salvaguardar as expectativas lexítimas das entidades de crédito supervisadas, tanto as entidades que apliquen o método estándar como as que apliquen o método baseado en cualificacións internas deben dispor dun período transitorio apropiado. Por tanto, as entidades de crédito deberán aplicar, a partir do 31 de decembro de 2020 como máis tarde, o limiar de significatividade das obrigacións crediticias vencidas establecido na presente circular, e deberán notificar ao Banco de España, antes do 31 de decembro de 2019, a data exacta en que empezarán a aplicalo.

En consecuencia, en uso das facultades que ten conferidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva e de acordo co Consello de Estado, aprobou a presente circular, que contén as seguintes normas:

Norma 1. *Obxecto.*

A presente circular ten por obxecto exercer a facultade que o artigo 178, número 2, letra d), do Regulamento (UE) n.º 575/2013 atribúe ás autoridades competentes de definir o limiar de significatividade das obrigacións crediticias vencidas.

Norma 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O disposto nesta circular será de aplicación ás entidades e grupos referidos nas letras a) e b) seguintes, sempre que se consideren menos significativos segundo o Regulamento (UE) n.º 1024/2013:

a) Os grupos e subgrupos consolidables de entidades de crédito, definidos no Regulamento (UE) n.º 575/2013, cuxa matriz estea establecida en España e responda a algunha das definicións dos puntos 28, 30 ou 32 do artigo 4.1 do Regulamento (UE) n.º 575/2013.

b) As entidades de crédito individuais constituídas en España, integradas ou non nun grupo consolidable de entidades de crédito.

2. O disposto nesta circular tamén será de aplicación ás sucursais en España de entidades de crédito con sede en Estados non membros da Unión Europea, sempre que non fosen eximidas do cumprimento das partes terceira, cuarta e sétima do Regulamento (UE) n.º 575/2013 en aplicación da norma 4 da Circular 2/2016, do 2 de febreiro, do Banco de España, ás entidades de crédito, sobre supervisión e solvencia, que prevé a adaptación do ordenamento xurídico español á Directiva 2013/36/UE e ao Regulamento (UE) n.º 575/2013.

Norma 3. *Definicións.*

Para efectos da presente circular, serán de aplicación as definicións do artigo 4 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 e do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 1024/2013.

Norma 4. *Limiar de significatividade das obrigacións crediticias vencidas a que se refire o artigo 178, número 2, letra d), do Regulamento (UE) n.º 575/2013.*

1. Para efectos do artigo 178, número 2, letra d), do Regulamento (UE) n.º 575/2013, as entidades de crédito avaliarán a significatividade das obrigacións crediticias vencidas por referencia ao seguinte limiar, que consta de dous compoñentes:

a) Un límite expresado como a suma de todos os importes das obrigacións crediticias vencidas que o debedor mantén fronte á entidade de crédito, á súa empresa matriz ou calquera das súas filiais (no sucesivo, «a obrigación crediticia vencida»), e igual a:

i) 100 euros, ou o equivalente do dito importe na moeda nacional pertinente, para as exposicións retallistas;

ii) 500 euros, ou o equivalente do dito importe na moeda nacional pertinente, para exposicións distintas das retallistas.

b) Un límite expresado como o importe da obrigaón crediticia vencida en relación co importe total das exposicións fronte a ese debedor no balance da entidade de crédito, da súa empresa matriz ou calquera das súas filiais, excluídas as exposicións de renda variable, igual ao 1 %.

2. Para as entidades de crédito que, no caso de exposicións retallistas, apliquen a definición de impagamento do artigo 178, número 1, parágrafo primeiro, letras a) e b), do Regulamento (UE) n.º 575/2013 ao nivel dunha operación individual, o limiar do número 1 aplicarase ao nivel da operación individual outorgada ao debedor pola entidade de crédito, pola súa empresa matriz ou calquera das súas filiais.

3. Considerarase que se produciu un impagamento cando ambos os límites do número 1, letras a) e b), se superen durante 90 días consecutivos.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor e data de aplicación do limiar de significatividade.*

1. A presente circular entrará en vigor o vixésimo día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. As entidades de crédito aplicarán, a partir do 31 de decembro de 2020 como máis tarde, o limiar de significatividade das obrigaóns crediticias vencidas establecido nesta circular, e deberán notificar ao Banco de España, antes do 31 de decembro de 2019, a data exacta en que empezarán a aplicalo.

Madrid, 22 de outubro de 2019.–O gobernador do Banco de España, Pablo Hernández de Cos.